

A CARPINZARÍA



Antigamente era habitual que os Pazos galegos contaran cunha carpintaría propia, tanto para a subsanación de desperfectos e mantemento da edificación do Pazo, como para a fabricación de fermosos mobles que aínda hoxe se conservan nas distintas estancias do Pazo.


Tamén na carpintaría se fabricaban e arranxaban os útiles e instrumentos necesarios para a actividade que se desenvolvía na casa, como as cubas para conservar o viño.

A amplitude do obradoiro debía ser suficiente para incluír un banco de carpinteiro, así como os accesorios de suxección e guías. O resto das ferramentas, adoitaban estar colgadas, sempre e cando o volume e peso non fosen excesivos, en cuio caso se colocaban no chan.

Tradicionalmente, os carpinteiros rurais empregaban as madeiras propias da rexión onde se atopaban, máis aínda tendo en conta que nos atopamos nunha zona madeireira por excelencia, produtora de madeiras nobres de gran beleza e resistencia.



A CARPINZARÍA



EXPOSICIÓNS ETNOGRÁFICAS PAZO DA PENA

Lugar da Pena, Rozavales.

32781 Manzaneda - Terra de Trives - Ourense.

e-mail: info@pazodapena.com

Tel: 988 333 038

www.pazodapena.com/exposicions

COORDENADAS

GD: Latitude: 42.3038 | Lonxitude: -7.238

GMS: 42°18'13.68" N | 7°14'16.8" O

PAZO DA PENA



A TRADICION DA CARPINZARIA

Na Corte, na sociedade adineirada, os ebanistas e carpinteiros tiñan unha consideración social importante, e moitos eran recoñecidos artistas e gozaban de boa posición social.

Nas cidades, a carpintaría tiña moitas variantes. Entre elas, unha moi común ao longo da historia, coñecida como «de obra de fóra» (antigamente chamada «do branco»: parte da arquitectura que ensina o corte e colocación das madeiras nun edificio).

Con todo, son outras as especialidades e ocupacións para os carpinteiros que, organizados en gremios dende o século XVII, viñeron desenvolvendo ao longo da historia.

Á actividade de fabricación de arcas, mesas, mobles en xeral, uníaselles unha infinidade de especialidades do mundo comercial e social, relacionadas coa madeira: cubeiros, canasteiros, toneleiros, maleteiros, ensambladores, adornistas, talladores, torneiros...

Non obstante, é no mundo rural onde o carpinteiro retoma o seu prestixio e importancia. Salvando as diferenzas cos artesáns da Corte, o carpinteiro de pobo debía dar solución a todas as necesidades dos seus conveciños. É o artífice do moble popular, que se considera levaba un desfacemento duns 25 anos respecto ao da Corte.



OS ÚTILES DO CARPINZEIRO



BANCO DE CARPINZEIRO

Mesa empregada polo carpinteiro para levar a cabo a meirande parte das operacións que require o oficio da carpintaría: cortes, rebaixas, cepillados...

Co paso do tempo, os bancos de carpinteiro foron mudando, pero sempre gardan unha serie de características comúns: son robustos, están feitos con materiais resistentes, son planos e nivelados e, normalmente, contan cunha ou dúas prensas de suxeición.

CEPILLO

Empregado para achaiar superficies de madeira.

Débese acepillarse co gran da madeira mirando cara á fóra con respecto á persoa que corta, xa que en dirección contraria, a contrafrío, rasgaríanse as fibras da madeira.



GRAMIL

Ferramenta de medida, trazado ou marcado constituída por unha táboa cunha cara plana que serve de guía e un ou dous listóns que a atravesa, en cuxo extremo se sitúa un punzón que marca a madeira.

SARXENZO

Ferramenta manual empregada para a suxeición de pezas, composta de dúas mordazas regulables cun parafuso.



MARZELO

Ferramenta de percusión formada por unha peza de aceiro a modo de cabeza cun mango de madeira. A cabeza ten un extremo final plano e outro que varía en función do tipo de martelo e da súa utilidade.

BERBIQUI

Ferramenta de perforación formada por un brazo metálico cun dispositivo porta-brocas nun extremo. Dáselle movemento xiratorio a través do mango de madeira á vez que se presiona en outro mango de madeira aliñado co porta-brocas.



GARLOPA

Ferramenta de acepillar composta por unha caixa de madeira cun mango, cunha cuña, cunha folla cortante inclinada, e un contraferro para romper a viruta.



BARRENA

Ferramenta de perforación formada por unha peza metálica con forma de espiral e mango de madeira perpendicular que se emprega para realizar buratos.



CHENCHA, FORMON E GUBIA

Ferramentas empregadas para tallar a madeira.